

O GALEGUISMO E O *EMSAV*: DOUS MOVEMENTOS REXIONALISTAS

Jesús de Juana López
Universidade de Vigo

DOI: [10.17075/gboc.2020.005](https://doi.org/10.17075/gboc.2020.005)

1. INTRODUCCIÓN

Antes de falar propiamente do rexionalismo bretón e do galego, permítanme dar unhas cativas pinceladas daqueles momentos, que se afunden nos tempos das lendas e os mitos, en que se coñeceron e iniciaron a súa relación ambos os pobos que habitaron as dúas fisterras romanas. E, inda que os momentos máis importantes son necesarios para poder seguir un elemental fío argumental, tampouco vou facer unha relación pormenorizada da evolución das distintas agrupacións e manifestacións que ambos os dous movementos protagonizaron ao longo da súa historia, porque son suficientemente coñecidos polas múltiples publicacións que sobre o tema se levan feito nos últimos anos¹ e non teriamos nin tempo nin espazo nesta intervención. Ao cabo, pois, vou centrarme, principalmente nas conclusións, en dar unha visión xeral dos argumentos e propósitos que levaron algúns galegos e bretóns a defender as súas particularidades e loitar por elas fronte á dinámica uniformadora e centralizadora dos novos Estados europeos, neste caso o francés e o español, que se configuran ao longo do século XIX e primeiras décadas do XX, colocando como límite cronolóxico do rexionalismo e o nacionalismo galego a Guerra Civil española e o primeiro (1918) e o segundo *emsa*v ata os anos trinta.

¹ Ademais dos citados no texto, podemos lembrar algúns como os seguintes: Christian Bougeard (dir.) (2002): *Bretagne et identités régionales pendant la Seconde Guerre mondiale*, Brest, Centre de recherche bretonne et celtique de l'UBO; id. (2011): *Les forces politiques en Bretagne : notables, élus et militants (1914-1946)*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes; Georges Cadiou (2013): *Emsav : dictionnaire critique, historique et biographique*, Kerangwenn, Coop Breizh; Sébastien Carney (2015): *Breiz Atao ! Mordrel, Delaporte, Lainé, Fouéré : une mystique nationale (1901-1948)*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes; Joël Cornette (2005): *Histoire de la Bretagne et des Bretons*, t. II: *Des Lumières au XX^e siècle*, Paris, Seuil; Yann Fouéré (1987): *La patrie interdite : histoire d'un breton*, t. 1, e id. (1995): *La Maison du Connemara : histoire d'un breton*, t. 2, Spézet, Coop Breizh; Michel Nicolas (1986): *Le séparatisme en Bretagne*, Brasparts, Beltan, e id. (2009): *Histoire de la revendication bretonne : des origines aux années 1980*, Kerangwenn, Coop Breizh, entre outros moitos.

No caso galego existe tamén unha extensa bibliografía, pero, por apuntar algún dos traballos, podemos empezar pola voluminosa e completa obra de Justo Beramendi (2007): *De provincia a nación: historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais; Jesús de Juana / Julio Prada (2002): *El galleguismo: Historia y Textos*, Ourense, Obradoiro de Historia de Galicia; Ramón Máiz (1984): *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Edicións do Castro; Xosé Manuel Núñez Seixas (1999): *Los nacionalismos en la España contemporánea (siglos XIX y XX)*, Barcelona, Hipòtesi; Francisco Fernández del Riego (1983): *Pensamento galeguista do século XIX*, Vigo, Galaxia; id. (1995): *Pensamento galeguista do século XX*, Vigo, Galaxia; algunhas ideas aquí expostas están en Jesús de Juana / Xavier Castro (1987): «Le galicianisme et l'EMSAV entre 1850 et 1945», *Annales de Bretagne et des Pays de l'Ouest*, 95:3, 325-346.

Ben. Un notable periodista español chamado Feliciano Fidalgo, que morreu en 1999 e que traballou durante vinte e cinco anos en París, primeiro como correspondente do periódico *Ya* e da axencia Logos e despois no diario *El País*, do que foi un dos fundadores, que coñeceu como poucos os bastidores da oposición ao franquismo e o desenvolvemento da ETA, ao tempo que penetrou no coñecemento da sociedade francesa, que o recoñeceu como un dos correspondentes estranxeiros máis importantes, nunha das súas espléndidas reportaxes, adicada, neste caso, á Bretaña e publicada en *El País* o 7 de setembro de 1979, dixo —ao meu entender, con gran perspicacia— que «Bretaña sería outra Córcega de haber nacido isla. Pero es igual a Galicia». E dicía isto, fundamentalmente, porque a Bretaña, como Galicia, e tamén como Córcega, todo hai que dicilo, sufriu as consecuencias de ser unha rexión periférica, rural, abandonada, «despensa de homes» para as guerras e para a emigración.

E non lle faltaba razón ao periodista berciano. Pero só en parte, porque a gran diferenza entre a illa mediterránea e as dúas fisterras europeas é que estas últimas pertencen a un universo simbólico e cultural próximo como membros dunha antiga comunidade atlántica que funde as súas orixes imaxinarias no mundo do celtismo. De tal xeito que podemos dicir, metafóricamente, que Galicia linda ao norte con Irlanda-Inglaterra e ao nordeste coa Bretaña, «mar por medio», expresión inda utilizada nas escrituras de propiedade e recoñecida no real decreto do Regulamento xeral de costas de 2014. Poderíamos engadir tamén a súa afinidade xeográfica comparando ambas as dúas costas e as curiosas similitudes paisaxísticas e climáticas.

E que dicir dos recentes estudos xenéticos, como os elaborados polos profesores Daniel Bradley, do Trinity College de Dublín, e Briand Sykes, da Universidade de Oxford, que, baseándose en análises de ADN, parecen confirmar, como di o profesor Blázquez Caeiro, desta Universidade de Santiago, que «las poblaciones del Occidente de Europa (desde Bretaña a Galicia, Irlanda o Gran Bretaña) guardan una base genética similar que han sabido mantener a lo largo de los años y que se corresponde con la herencia dejada por los primeros pobladores europeos»² na gran migración ocorrida hai uns 6000 ou 7000 anos. O certo é que estes estudos etnoxénicos veñen apuntalar as ideas dos vellos historiadores galegos, como Vereá e Aguiar e Manuel Murguía, pero tamén Florentino López

² *La Voz de Galicia*, 22/9/2006.

Cuevillas, Otero Pedrayo e Vicente Risco, por citar algúns, na súa defensa do substrato céltico daquela sociedade da antiga Gallaecia composta polos galaicos lucenses e bracarenses, ástures *transmontani* e asturicenses.

Deste modo teñen sentido as antigas lendas medievais, como as incluídas no *Libro das invasións*, en gaélico *Lebor Gabála Érenn*³, escrito arredor do ano 1100, no cal se relatan dun xeito mítico as invasións de Irlanda e os heroes e reis que se van sucedendo ata a expedición dos fillos de Míl desde España a Irlanda. Na parte segunda deste libro dise textualmente: «Después Breogán fundó una ciudad en España, llamada Brigantia[,] y construyó una torre al lado, llamada la Torre de Breogán»⁴. Breogán convértese así no mítico rei celta galaico que funda unha cidade, que pode ser Betanzos ou A Coruña, na honra da deusa Brigantia e constrúe unha gran torre a carón do mar (que din que pode ser a torre de Hércules) desde a que o seu fillo Ith divisa as costas irlandesas e decide coñecelas. Alá é asasinado e o seu pai, Breogán, envía unha expedición de vinganza mandada por Míl que derrota os Danann e conquista a verde illa do norte, que xa endexamais abandonará desde entón. Coñécese a existencia da diocese de Bretoña, fundada por bretóns, que hoxe identificaríamos como a de Mondoñedo-Ferrol, e o seu bispo Maeloc está citado no Concilio de Braga do ano 572.

Breogán sería, así, o elo mítico que cinguiría o mundo atlántico celta co pobo galaico e que, na literatura romántica do XIX, se convertería no pai de Galicia e convertería esta en «nazón [ou “fogar”] de Breogán», tal e como expresa desde 1907 o seu himno, recollido do poema *Os pinos*, composto polo bardo Eduardo Pondal, e con música de Pascual Veiga. E quizais a expresión máis atinada da irmandade celta en Galicia sexa o himno da organización xuvenil nacionalista galega fundada en 1932 por Álvaro das Casas e chamada *Ultreia*⁵, titulado sig-

³ Cf. Ramón Sainero (ed.) (1998): *Leabhar Ghabhála: el libro de las invasiones*, Madrid, Akal.

⁴ Álvaro Cunqueiro, nun artigo titulado «El faro de La Coruña y las estrellas» e publicado en *La Voz de Galicia* o 1 de setembro de 1954, di que «el más antiguo poeta coruñés de nombre conocido» foi Giolla Caíomhghin, que escribiu no *Leabhar Gabhála* o seguinte: «Mantuvieron combates y batallas / contra las huestes numerosas de España. / Breogán venció, que era el campeón. / Por él Brigancia fue fundada». Álvaro Cunqueiro (2001): *Álvaro Cunqueiro: 100 artigos*, escolma de Dorinda Rivera Pedredo, A Coruña, La Voz de Galicia, 89.

⁵ Do latín *ultra* ‘máis alá’ e *eia*, interxección para mover, que era o tradicional saúdo no camiño xacobeo, tomado do *Liber Sancti Iacobi* ou *Codex Calixtinus*, escrito a mediados do século XII, e que poderíamos traducir como «adiante» ou «máis alá».

nificativamente *Celtia* e que empeza cos nomes das sete nacións celtas fillas de Breogán:

Ei Armórica, Cornubia e Cambria,
Scocia, Erin, Galiza e a illa de Man!
Son as sete nazóns celtas
fillas do Rei Breogán.
Míña Patria Galiza
ti és, e ti serás,
cos teus verdes agros
o máis quente fogar.

Evidentemente, a Armórica é a rexión francesa situada en tempos remotos entre os ríos Sena e Loira, que desde a invasión bretoa, entre os séculos V e VII, pasa a denominarse Britannia; Cornubia vén a ser o condado inglés de Cornwall (Cornualles); *Cambria* é a forma latinizada do antigo galés *combrog* ‘compatriota’; *Scotia* dixeran que provén de Scota, a muller do invasor Míl, morta na batalla de Sliabh Mis, na que derrotan os Tuatha Dé Danann, antigos habitantes da illa e que inda permanecen no simbolismo popular escocés, como os nosos «mouros» en Galicia; Erin é o nome gaélico de Irlanda e a illa de Man pertence a Gran Bretaña⁶.

E por fin, para non facer máis longo este relato das relacións e concomitan-
cias persoais e culturais dos bretóns e os galegos desde os escuros tempos dos
mitos e lendas ata os históricos e máis próximos a nós, só me queda lembrar,
dun xeito moi breve e conciso, porque é suficientemente coñecido, o *Roman
de Ponthus et de la belle Sidoine*, libríño francés de cabalarías con gravados, de
autor descoñecido e escrito na derradeira década do século XIV ou principios do

⁶ O autor da letra deste himno é Filgueira Valverde, tal e como se di na narración que se fai da «1ª Xeira (Misión Biolóxica de Galiza)», *Nós*, 107, 15/11/1932, 212: «Ao zarpar poñémonos todos de pé e cantamos noso himno, o Celtia, que foi feito pol-os Sres. Filgueira e Iglesias Vilarelle». Cf. Clodio González Pérez [2008]: *Mar adiante: as xeiras dos ultreias*, [A Coruña], ed. Pío García, 39. Algúns din, trabucándose, que o autor foi Fermín Bouza Brey porque este, efectivamente, escribiu a letra dun segundo himno para a «2ª xeira polas Rías Baixas», cuxa primeira estrofa dicía: «A balandra dos Ultreyas / leva os corazóns por vela, / navega cara o futuro / toda Galiza vai n-ela».

xv, que narra a historia do príncipe galaico Ponthus, fillo do rei Thibour, que tivo que fuxir á Bretaña cando os sarracenos invadiron Galicia e mataron o seu pai. Na corte bretoa namórase da bela Sidoine, «a máis doce e máis xentil dama do reino de Francia e da Bretaña» (di a narración), filla do rei bretón, coa que casa, despois de vencer os mellores cabaleiros do momento no torneo celebrado no bosque de Brocelianda, entre eles o rei de Borgoña, e de reconquistar Galicia coa axuda de tropas bretoas, inglesas e irlandesas. Deste xeito, os dous reinos, a Bretaña e Galicia (por herdanza do seu sogro e o seu pai), quedaron vencellados nun mesmo destino. Para que non falte de nada nese imaxinario medieval, a feliz parella volvería a Galicia para facer a peregrinación a Compostela e Ponthus despois irá a España a continuar a loita contra os sarracenos cun exército composto por baróns bretóns, de Anjou, do Maine, do Poitou, da Turena e de Normandía⁷.

No contexto do perigo e a ameaza que significaban as tropas mahometanas naquel tempo para Europa, podemos concluír que a imaxe que nos ofrece este libro francés de aventuras do rei galego Ponthus, que reinará durante moitos anos, é a de que se trata dun modelo de cabaleiro que loita contra os inimigos dos cristiáns, que mantén unha verdadeira fidelidade á súa amada e é un campión de Deus que defende uns ideais de honor e xustiza. Este breve libríño foi como un manual de ensinanza para os mozos nobres da época, para que aprendesen a comportarse, a ser prudentes e valentes, a ser xenerosos e homes de honor. Pero, no que respecta ao noso propósito, o máis importante desta noveliña é que inclúe Galicia e a Bretaña, mais tamén Gran Bretaña, Cornualles, Escocia e Irlanda, nese mundo dos países célticos que teñen vencellos de unidade ante o perigo común, relacións comerciais e de parentesco e, ao cabo, unhas lembranzas históricas semellantes que se alongan dun xeito intemporal nos tempos escuros da historia.

Este panceltismo, só apuntado brevemente nas liñas anteriores, vai fundamentar no plano teórico e doutrinal, en boa medida, o *galeguismo*, o movemento político-cultural que personificou a defensa dos intereses e das aspiracións de Galicia, pola súa pertenza a unha civilización atlántica distinta á mediterránea e latina que representaba España.

⁷ Cf. Marie-Claude de Crécy (ed.) (1997): *Le Roman de Ponthus et Sidoine*, Genève, Droz. Tamén Henrique Harguindey Banet (2009): *La Galice: dez séculos de olladas francesas*, Santiago de Compostela, Universidade.

2. O MOVEMENTO BRETONISTA

O proceso que leva ata as formulacións nacionalistas decorre por moi diversas vías de pensamento, así como por sendas de actuación complexas, ás veces contrapostas e que non sempre resultan doadas de explicar. Dun xeito simplista, poderíamos dicir que os nacionalismos integradores tentan impoñer unha uniformidade, uns conceptos e aspiracións xerais que baten frontalmente cos nacionalismos centrífugos, que defenden, en esencia, unha identidade peculiar e distinta. Cando o Estado nacional-centralista planifica e leva á práctica no XIX (no caso da Bretaña, desde a Revolución) a agresión aos diferencialismos a través, por exemplo, dunha nova organización territorial, da política lingüística, escolar e económica, dos funcionarios estraños á rexión, do ferrocarril etc., xorde a defensa de todo aquilo que consideraron desde tempo inmemorial como seu, como común ao seu pobo, como trazos de identificación e distinción particular fronte ao foráneo.

Comeza a xurdir así, primeiro de forma difusa, ata chegar co tempo á concreción teórica e práctica, unha concienciación das súas peculiaridades que as elites culturais encherán de contidos ideolóxicos e os líderes políticos enunciarán como obxectivos definidos⁸. Da concienciación pásase á vontade particularista, despois á xustificación ideolóxica desta e á formulación reivindicativa e, ao cabo, plásmase nunha práctica política de proposicións programáticas e na posta en marcha dunha organización que intente levalas adiante.

O *movemento bretonista* xorde, como o galego e os demais, no marco europeo dos nacionalismos e do Romanticismo. Parte dos aspectos diferenciais e do sentimento e conciencia de pertencer a unha comunidade propia e vai ter, igualmente, aspectos complementarios: o cultural e o político nacionalista. No fondo, é un longo e desigual proceso de enfrontamento entre ambos os dous tipos de nacionalismos, que vían a realidade e, sobre todo, o futuro de maneira ben diferente: un fundándose na unificación e a uniformidade, de matiz nitidamente absorbente (como o francés e o español), e o outro na distinción e a diversidade, de signo disgregador (como o bretón e o galego).

⁸ Cf. José Ramón Recalde (1982): «Liderazgo y élites en la comunicación de las ideologías nacionalistas», *Colloque d'Histoire Sociale d'Espagne, Cahiers de l'Université de Pau*, marzo, 394-415.

O movemento bretón é moi coñecido a través dalgunhas das súas manifestacións, culturais ou activistas, e a súa evolución, a miúdo atormentada, como nos anos trinta e no período da Segunda Guerra Mundial, dálle caras, imaxes, moi contrastadas, pero o seu discurso sempre se vai basear nunha característica invariante: que, apoiándose na permanente identidade etnocultural da Bretaña, vai tratar de alcanzar un poder exclusivamente bretón coa pretensión de ter autonomía de xestión política, administrativa e económica.

Ademais da tradición histórica de institucións propias, as causas concretas da contestación bretoa son, ao meu entender, polivalentes: por unha banda, a decadencia económica provocada polo novo modo de produción capitalista é considerada e identificada como unha forma de colonización francesa; por outra, os intentos gubernamentais de asimilación cultural, a marcada ausencia de recoñecemento da personalidade propia, o sistemático ataque á lingua e demais factores suscitarán un movemento de defensa da súa cultura e da súa historia, promoveranse relacións intercélticas de apoio, crearanse revistas e órganos de difusión e de estudo etc.

Como consecuencia disto, moitos intelectuais e escritores bretóns poñerán o seu esforzo ao servizo da cultura tradicional. Deste xeito, xorde unha brillante xeración de recuperadores do folclore e da literatura e a música orais (Théodore Hersart de la Villemarqué, Luzel...), estudosos da lingua (Jean-François Le Gonidec), da historia (Arthur de La Borderie), homes de letras (Émile Souvestre, Anatole Le Braz, Ch. Le Goffic...) etc. En 1855 créase a Academia Bárdica. Este florecemento ten a súa manifestación máis clara nas numerosas publicacións periódicas, tantas que Lucien Raoul contabilizou nada menos que 73 títulos desde as *Mémoires de l'Académie celtique* de 1807 ata *La Glorieuse Bretagne des armées et l'Idée bretonne* de 1918⁹.

Todos estes esforzos bretonistas non foron capaces de contrarrestar o proceso uniformador do Estado, que non só impuxo o francés como lingua oficial, senón que ademais reprimiu duramente a utilización do bretón en calquera momento e lugar. É ben esclarecedora neste senso a frase do subprefecto de Morlaix, en 1845, dirixida aos profesores do liceo de Finistère: «Surtout, rappelez-vous, messieurs, que vous n'êtes établis que pour tuer la langue bretonne»¹⁰.

⁹ Lucien Raoul (1981): *Un siècle de journalisme breton*, Le Guilvinec, Le Signor.

¹⁰ Morvan Lebesque (1970): *Comment peut-on être breton ?*, Paris, Seuil, 97.

Así mesmo, foi moi importante a loita por facer desaparecer o complexo de inferioridade que unha boa montaxe ideolóxica creou e os clixés laborais que se lles asignaron aos bretóns. Queixábanse insistentemente de que a Bretaña tivese «o monopolio nacional de misioneiros, de putas, de provedores de chacinaria fina e de carne de canón ideal para as carnizarías europeas ou coloniais»¹¹.

Nesta resistencia á implantación do francés vanse atopar outros sectores sociais cunhas razóns e obxectivos ben concretos. A III República impoñerá os valores e necesidades urbanos fronte aos rurais, a modernidade fronte á tradición, a vida industrial contra a agrícola, e os seus instrumentos principais van ser a obriga- ción de usar o francés e a escola laica, estatal e gratuíta. Isto levará moitos cregos e nobres a promover e defender o bretón coa pretensión de que actuase como escudo protector contra a penetración dunhas ideas burguesas, modernas e revo- lucionarias que prexudicaban os seus intereses.

A ascendencia destes grupos sobre a sociedade bretoa mediatizará o seu com- portamento político, que se vai configurar, desde as eleccións de 1885, como unha rexión antirrepublicana, orientada á defensa da relixión e mais do ensino cristián, á reivindicación do proteccionismo e tamén á crítica das expedicións coloniais de ultramar. Cando chegan a ser moitos os que coidan que a restaura- ción monárquica é xa inviable, pasan a optar por unha república conservadora. Segundo Michel Denis, dous terzos dos deputados bretóns elixidos no 1889 son conservadores e o resto republicanos moderados, pero todos rexeitarán radical- mente certos aspectos da actuación republicana, como o relixioso, o recrutamento militar para expedicións imperialistas e a política agraria¹².

Como precedente do posterior rexionalismo pode considerarse a Asociación Bretoa, nada en 1843, que agrupaba propietarios agrarios e na que había un claro predominio nobiliario, asociación que, pola súa posición lexitimista, foi suspendida poucos anos despois por Napoleón III. Podemos considerar que o verdadeiro rexionalismo encomeza en 1898 coa fundación da Union régionaliste bretonne (URB). Supón unha fase importante de concienciación, de estudo, de

¹¹ «[L]e monopole national des missionnaires, des putains, des fournisseurs d'andouille et d'idéale chair à canon pour les boucheries européennes ou coloniales», en Hervé Le Boterf (1969): *La Bretagne dans la guerre*, t. I, Paris, France Empire, 20.

¹² Michel Denis (1984): «La Bretagne de 1889 contre la République ?», *Annales de Bretagne et des Pays de l'Ouest*, 3, 279-285.

reflexión sobre das orixes e evolución do país. Interesábase especialmente polos problemas culturais e menos polos económicos e sociais. Neste rexionalismo primaba a orientación conservadora e clerical, pero xa desde o principio coexistían varias tendencias e ideoloxías. Do milleiro de afiliados con que contaba a finais de século, o 25 % eran nobres, o 17 % cregos, o 21 % escritores, profesores e profesionais liberais, o 16 % parlamentarios e funcionarios e o resto de procedencia e oficios diversos¹³. As diferenzas políticas e sociais provocarán a súa ruptura no Congreso de Saint-Renan en 1911, porque, como era lóxico agardar, se enfrontaron os republicanos e os conservadores, os novos cos vellos, os laicos cos cregos, os bardos que esixían falar en bretón cos nobres que non o usaban...¹⁴.

Parte dos disidentes fundan a *Fédération régionaliste bretonne*, de carácter máis liberal, que presta grande apoio á lingua e pon maior interese nos temas económicos e que, cada vez cunha menor importancia, vai perdurar ata 1934. E nese mesmo ano nace o *Parti nationaliste breton* (PNB), máis progresista e máis proclive á acción cidadá e á laicización da política, superando o sentido ruralista e o carácter aristocrático-clerical da *Union régionaliste bretonne*. Agora ben, é preciso dicir que o nacionalismo de preguerra tivo unha existencia moi efémera (apenas tres anos) e un número de militantes sumamente reducido. E, inda que foi moi pouco significativo, cómpre sinalar tamén que, desde 1913 ata a guerra, se produce un intento de compaxinar bretonismo e socialismo libertario por parte de Émile Masson a través da revista *Brug*.

3. O EMSAV DA POSGUERRA

Na inmediata posguerra (en 1918) xorde o *Groupe régionaliste breton* (GRB) e o ano seguinte o seu órgano de expresión: o *Breiz Atao* («Bretagne toujours», ou «A Bretaña Sempre»). O seu proclamado rexionalismo, en detrimento do apelativo «nacionalista», obedece fundamentalmente a un propósito táctico de establecer contactos cos elementos máis activos da burguesía bretoa que inda se atopaban

¹³ VV. AA. (1980): *Histoire de la Bretagne et des pays celtiques de 1789 à 1914*, t. 4, Morlaix, Skol Vreizh, 226.

¹⁴ Olier Mordrel (1973): *Breiz Atao : histoire et actualité du nationalisme breton*, Paris, Alain Moreau, 31.

na Fédération régionaliste bretonne, pero tamén a razóns de elemental prudencia política derivadas da conxuntura de posguerra, nada axeitada para denominacións que puidesen connotar actitudes separatistas. Nos seus comezos, o Groupe régionaliste breton tenta captar os sectores económicos dominantes con miras a obter para a Bretaña o equivalente dun *Home Rule* irlandés, isto é, un estatuto que lles outorgase certa autonomía.

Breiz Atao, dirixida fundamentalmente ás clases medias das cidades, pretende facer o papel que lle correspondería desempeñar á burguesía. Ao tempo, esta tentativa sáldase cun notable fracaso e o GRB vólvese claramente antirrexionalista, ollando como unha posibilidade a vía independentista que o exemplo de Irlanda en 1921 lle sinalaba. Pero esta radicalización non se produce de súpeto. Aos comezos dos anos vinte permanecía inda na teoría da dualidade de patrias e a revista podía falar, así, de que «la Bretagne es une patrie», mais tamén de «la Grande Patrie française»¹⁵.

Pero nos anos seguintes vaise formular o esencial da teoría nacionalista bretoa, dándose, por certo, unha clara coincidencia cronolóxica respecto ao caso galego. Multiplícanse as críticas ao centralismo, non só político e económico, senón tamén relixioso, e, xa con total claridade, caracterizan a Bretaña como unha nación que desexa saír da súa acefalia política e conseguir o seu propio Estado. De tal xeito que, segundo sinala M. Nicolas¹⁶, o movemento bretón devén nitidamente nacionalista á altura de 1927, cando os membros de *Breiz Atao* deciden xogar máis forte e crean o Parti autonomiste breton (PAB) nese ano. Con isto os nacionalistas dan un paso importante destinado a superar as limitacións inherentes a un grupo de presión ou organización sociocultural. Esfórzanse en dotarse dunha estrutura partidaria ben artellada e nutrida de numerosa militancia. Ensaian, así mesmo, inda que con poucos resultados, a baza electoral en 1930. Este novo xiro orientado á conversión do nacionalismo nun partido de masas leva consigo o abandono do elitismo e o rumbo intelectualista que caracterizaban a revista con miras a gañar adeptos no seo do pobo: obreiros, campesiños e mariñeiros. Esta pretensión interrómpeuse por mor do fracaso electoral, que fai medrar as contradicións que coexisten no seo do partido.

¹⁵ Cf. *Breiz Atao*, 5/6/1921.

¹⁶ Michel Nicolas (1982): *Histoire du mouvement breton*, Paris, Syros, 77.

En efecto, o PAB non se subtrai a un feito delicado que adoita caracterizar as organizacións nacionalistas e que, desde logo, se pode constatar tanto no *emsav* como no movemento galeguista: a pretensión de encadrar todos os sectores sociais que integran a nación, relegando as diferenzas de calquera orde que puidesen existir (ideolóxicas, sociais, políticas e relixiosas) en prol do común interese nacional. Ou, o que é o mesmo, na expresión do *emsav*: «Ni rouge, ni blanc, Breton seulement». Este trazo, que denominamos integracionismo, é decote portador de potenciais conflitos. No caso do Parti autonomiste breton, as discrepancias entre un sector democrático e federalista e o grupo de nacionalistas radicais de dereitas, capitaneado por Mordrel e Debauvais, unido ás rivalidades persoais e aos problemas financeiros, conducen á ruptura do partido e á creación, en 1931, da Ligue fédéraliste de Bretagne, por unha banda, e o Parti national breton, por outra, e tomouse ademais o control da revista *Breiz Atao*, que pasaría a chamarse *La Nation bretonne*.

A primeira non chegaría a ter gran relevo. O segundo propugnaba a creación dun Estado nacional e a unión de todos os bretóns, pretensión integracionista difícil de alcanzar dada a súa ideoloxía anticomunista e de extrema dereita. O Parti national breton debatíase nunha importante contradición que consistía en que, pola súa ideoloxía, debería ter unha alianza coa extrema dereita francesa e o seu apoio decidido, pero o carácter radicalmente antiautonomista desta facía que o PNB se atopase illado de maneira dramática. Quizais por isto o seu dirixente Oriel Mordrel se orientase cara á colaboración nazi, en cuxo triunfo cría firmemente. En consecuencia, cando se produce a mobilización, el e un certo sector do *emsav* empezan a aplicar en Francia o principio do nacionalismo irlandés de «England's difficulty is Ireland's opportunity», que traería consigo consecuencias moi negativas para a popularidade do movemento bretón na posguerra.

E, para concluírmos este breve percorrido polas principais asociacións bretoas, só nos queda citar algunhas máis relacionadas con iniciativas relixiosas, como a organización Bleun-Brug, fundada en 1905 polo abade Jean-Marie Perrot para promover a lingua bretoa, e a pretensión de crear un partido cristianodemócrata, chamado Adsao, por parte do tamén abade Madec na rexión de Léon. Ou lembrar os esforzos culturais e as numerosas publicacións que afloran no período de entre as guerras, como a revista literaria *Gwalarn* e a asociación Ar Brezoneg er Skol, creada en 1933 para reivindicar a utilización da lingua bretoa no sistema escolar.

4. O REXIONALISMO GALEGO

No que respecta ao rexionalismo galego, ou *galeguismo*, imos facer tamén un breve recordatorio das súas etapas e decisións máis importantes ao longo da súa cronoloxía, para rematarmos con algunhas reflexións sobre as concomitancias e diferenzas que se observan en ambos os movementos, que coido que será o máis interesante e pertinente.

Inda que algúns intelectuais galeguistas (Otero, Filgueira Valverde) apuntaron que as orixes precursoras e difusas do galeguismo se atopan xa nos textos dos ilustrados galegos (como o P. Feijoo e o P. Sarmiento, Cornide e Lucas Labrada, por dicir algúns) e que durante a guerra da Independencia (ou de España, na terminoloxía francesa) funcionou brevemente un poder autónomo, como foi a Xunta Suprema de Galicia, e se utilizou a lingua galega como instrumento de mobilización, a verdade é que o que se coñece como «Rexurdimento cultural» galego non chega ata a etapa chamada «provincialista», na que, no contexto da división provincial de Javier de Burgos (1833) e a incidencia do movemento romántico, xorde unha xeración de intelectuais e escritores que, a través fundamentalmente dunha serie de numerosas publicacións, van descubrir e reivindicar a historia, a lingua e os costumes de Galicia, «patria que hai que redimir». É agora cando, por primeira vez, Verea y Aguiar, na súa *Historia de Galicia*, explicita en 1838 a pertenza de Galicia ao mundo céltico.

Esta xeración, que podemos chamar de Antolín Faraldo por ser el o máis representativo dela, queda esvaecida ao producirse o fracaso do pronunciamento progresista de 1846¹⁷, que apoiaran con firmeza.

O Sexenio Democrático (1868-1874) alterou de modo substancial a evolución política española, ao facer prevalecer a dinámica autoritarismo-democratización sobre a cuestión propiamente nacional, inda que, como sinala Xosé M. Núñez dun xeito ben atinado, o prevalente republicanismismo federal se vai reforzar cos postulados de orixe romántico-cultural de afirmación rexional¹⁸.

¹⁷ Xosé Ramón Barreiro Fernández (1977): *El levantamiento de 1846 y los orígenes del galleguismo*, Santiago de Compostela, Pico Sacro, 83-88.

¹⁸ Cf. Xosé Manuel Núñez Seixas (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada, Ediciós do Castro.

Unha segunda xeración provincialista, na que teriamos que citar, como precursores, a Pintos (*A gaita gallega*, 1853) e, sobre todo, a Rosalía¹⁹ cos seus *Cantares gallegos* (1863), inicia un verdadeiro «rexurdimento» literario con algunhas novidades interesantes, como a denuncia contra o caciquismo (que fai Curros) e o descubrimento do mundo campesiño como depositario do «ser galego», como fai Lamas Carvajal, quen funda o primeiro xornal escrito en galego (*O Tío Marcos d'a Portela*), dirixido especialmente a el. Aparecen as primeiras gramáticas galegas (Saco y Arce, 1868) e a partir dos anos oitenta multiplícanse os xornais, revistas, autores e obras orientados á defensa de Galicia e da súa cultura e ao uso da lingua escrita galega, ao tempo que se mantíña e se divulgaba inda máis a historia celtista galega con Benito Vicetto (*Historia de Galicia*, 1865-1873) e máis tarde con Manuel Murguía (*Historia de Galicia*, 1865-1913, 5 vols.) e outros historiadores, como Tettamancy, Carré e López Ferreiro, por citar algúns.

O *rexionalismo* propiamente dito, igual que o catalán ou o vasco, inscríbese dentro dun amplo proxecto de crítica ao modelo de organización política da España da Restauración. A diferenza do federalismo, de raíz moito máis popular, os seus principais apoios residen en sectores tradicionalistas do carlismo moderado e nunha pequena parte da burguesía comercial e urbana. As principais figuras do rexionalismo, de diversa procedencia, van ser Aureliano J. Pereira (1855-1906), Alfredo Brañas e Manuel Murguía, que personifican outras tantas tendencias ideolóxicas que conviven no seo do movemento: a federalista, a tradicionalista e a liberal²⁰.

A primeira, o *rexionalismo federal*, o máis minoritario, afunde as súas raíces no republicanismo democrático de base campesiña e pequenoburguesa. As súas orixes relaciónanse coa radicalización dun sector do progresismo na etapa isabelina que fai propostas descentralizadoras do poder do Estado. A iniciativa política de maior alcance foi a elaboración dun proxecto de Constitución do Estado galaico, que foi aprobado en 1887 e que apostaba por un modelo de descentralización política por acordo das unidades básicas, que eran os estados federados.

¹⁹ Justo G. Beramendi (1986): «Os referentes nacionais en Rosalía e no provincialismo galego», en *Actas do Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, vol. III, Santiago de Compostela, Universidade / Consello da Cultura Galega, 381-394.

²⁰ Cf. Ramón Máiz Suárez (1984): *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Edicións do Castro.

O *rexionalismo tradicionalista* bebe nas fontes do catolicismo integrista, polo que se mostra hostil a todo o que soe a liberalismo e capitalismo. Propugna unha especie de corporativismo económico e político e defende un modelo de descentralización que ten moito de resurrección dos privilexios e liberdades do Antigo Réxime, sempre tomando o catolicismo como norma orientadora da orde política e social. Todo isto se desprende dos escritos de Alfredo Brañas (1859-1900), especialmente das súas *Bases generales del regionalismo* (1892), nas que se deseña un modelo de descentralización administrativa en aspectos como o financeiro e o xudicial.

O *rexionalismo liberal*, herdeiro do *provincialismo*, aspira a unha verdadeira democratización do país, ao seu desenvolvemento económico e á súa modernización social, acompañada dunha galeguización política e cultural. As súas bases atópanse na burguesía máis progresista e nas clases medias e urbanas, inda que o campesiñado segue sendo o depositario máis puro do «ser galego». Para o seu máximo representante, o historiador e arquivista Manuel Martínez Murguía (1833-1923), a nación é o resultado da comunión entre a raza e o territorio, da que nace un *Volksgeist* ou espírito do pobo no transcurso dunha historia propia. Tamén a lingua tería un importante papel.

A confluencia destas tres correntes dará como resultado a aparición da primeira organización política: a Asociación Regionalista Gallega (1890-1893), da que Murguía foi elixido presidente. O seu programa, suficientemente ambiguo para ser asumido por todos os sectores, inscríbese dentro da liña anticaciquil, descentralizadora e galeguista.

O reducido dos seus apoios, as tensións entre as diferentes correntes e grupos e a evolución política e profesional dalgún dos seus máis destacados líderes fan agornizar lentamente a asociación, que centrou a súa escasa actividade na organización duns Xogos Florais, o enterro dos restos de Rosalía de Castro en San Domingos de Bonaval e a defensa da Capitanía Xeneral da Coruña fronte ao intento do seu traslado a León. A sensación de ruptura acentúase a partir da fundación da Liga Gallega (1897) por parte de Murguía e os seus seguidores coruñeses, que ofrece como novidade máis interesante a defensa da cooficialidade do galego e o castelán, así como a reivindicación para Galicia dun status autonómico semellante ao concedido a Cuba e Porto Rico.

O grupo compostelán vai crear a Liga Gallega de Santiago (1898-1899), o que fixo inviable calquera intento de unidade. A morte de Brañas en 1900 significará o seu final.

A situación cambia radicalmente a partir de 1906, ano en que se funda a Real Academia Galega; un ano máis tarde, a imitación da experiencia homónima catalá, nace Solidaridad Gallega como resultado da confluencia dunha serie de forzas que se mantiñan á marxe do sistema político da Restauración: republicanos (Moreno Barcia), tradicionalistas (Vázquez de Mella) e rexionalistas (Murguía, Carré, Lugrís...). O seu principal voceiro vai ser *A Nosa Terra* (agosto de 1907-outubro de 1908), dirixida por Uxío Carré.

O 14 de decembro aparece o «Manifesto solidario», orientado á participación electoral na defensa dos intereses económicos e políticos do país. Pero, namentres en Cataluña o éxito electoral sentaba as bases para a apertura de novas canles de participación política para as súas forzas rexionalistas, en Galicia non se obtivo representación parlamentaria e Solidaridad Gallega houbo de dirixir os seus esforzos noutras direccións, como a súa participación no movemento agrarista nas Asembleas de Monforte (1908, 1910 e 1911), ata a súa desaparición en 1912.

Poderíamos resumir o período 1907-1912 como de retroceso na defensa do galeguismo, inda o cultural e literario, respecto ao rexionalismo precedente, sobre todo se o comparamos coa evolución dos nacionalismos vasco e catalán (da man de Arana e Prat de la Riba, especialmente); no entanto, como explicou Justo Beramendi²¹, o «rexionalismo solidario», influído polo rexeneracionismo e o nacente movemento agrario galego, vai preocuparse de estudar e elaborar propostas de solución dun dos máis graves problemas que padecía Galicia, o atraso agrario, interese que despois herdará o movemento nacionalista.

O tránsito entre o rexionalismo e as Irmandades da Fala pode situarse na aparición da revista *Estudios Gallegos* (1915-16), dirixida por Aurelio Ribalta desde Madrid. A campaña en favor da recuperación do idioma e a cultura galegos emprendida por esta tribuna vai ter continuación nos artigos de Antón Villar Ponte publicados en *La Voz de Galicia* e na creación da Liga de Amigos del Idioma Gallego, que convocará unha reunión nos locais da Real Academia Galega (18

²¹ Justo Beramendi (2007): *De provincia a nación: historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais, 401 e ss.

de maio de 1916) á que asisten destacadas figuras do rexionalismo e da intelectualidade e da que xurdirá a primeira Irmandade dos Amigos da Fala da Coruña.

As Irmandades multiplícanse con rapidez, cuns obxectivos de índole cultural: fomentar o uso do galego, facilitar o acceso aos medios de comunicación dos escritores en lingua galega, recuperar as manifestacións culturais propias, estimular o coñecemento do pasado etc.

O 14 de novembro de 1916 reaparece *A Nosa Terra*, portavoz das novas formulacións galeguistas e punto de partida dun importante cambio: a partir de agora fálase da recuperación económica do país e da necesidade dunha descentralización política. O apoio económico e político de Francesc Cambó, interesado en exportar a Galicia unha experiencia como a que lideraba en Cataluña, posibilita a formación dunha alianza para presentarse ás eleccións de febreiro de 1918, nas que os candidatos galegos van fracasar sen paliativos.

A Primeira Asemblea Nacionalista de Lugo (17 e 18 de novembro de 1918) serviu para que as distintas tendencias que convivían nas Irmandades articulasen xa un programa político. Entre outras cousas, no documento reclámase a autonomía integral da nación galega dentro dun Estado federal aberto á incorporación do país irmán, Portugal, e a creación dun marco político-institucional co seu Parlamento e Goberno propios. Desde o punto de vista económico era máis impreciso, inda que prestaba unha atención especial aos problemas da terra.

A publicación en 1920 da *Teoría d'o nacionalismo galego* de Vicente Risco marca un fito decisivo na construción do discurso nacionalista. Nesta obra, o escritor ourensán concibe a nación como un feito biolóxico independente da vontade dos homes, en oposición á idea liberal e francesa da «vontade xeral». A interacción de *raza e terra* é o que xera o particular *Volksgeist* ou «espírito do pobo» galego, inda que a lingua continúa sendo un factor clave na diferenciación. Non existe unha «nación española», senón un Estado plurinacional no que unha das súas partes (Castela) explota e oprime as demais (Galicia, Cataluña e Euskadi). Galicia existe desde tempos inmemoriais e mantivo ao longo dos séculos a súa esencia nacional, que a historia, e de aí a súa importancia, debe amosar. Esta concepción da nación galega será substancialmente aceptada polas diferentes correntes que conviven no seo do nacionalismo durante os anos vinte e ata a Guerra Civil.

A derrota electoral de 1918 acentuou as discrepancias entre os partidarios da loita política (Porteiro Garea, Peña Novo, os irmáns Villar Ponte...), máis próximos da tendencia liberal-democrática, e os defensores da tendencia culturalista ou neotradicionalista, como Losada Diéguez, Risco e Otero, de resultas do cal se consumou a ruptura de ambos os grupos tras a Asemblea de Monforte de Lemos (1922).

A continuación aparece a Irmandade Nacionalista Galega (1922-23), organización dirixida por Vicente Risco, cuxo programa político, máis alá do seu radical abstencionismo electoral e do rexeitamento á colaboración con outras forzas, non difire substancialmente do adoptado en 1921 polas Irmandades, a non ser polo inédito intento de achegarse ás sociedades agrarias e por tratar de estreitar os seus lazos con formacións políticas análogas de Cataluña e o País Vasco²²; destes contactos nacerá a Triple Alianza ou, como se dicía no seu inicio, «Pacto de amistad y alianza entre los patriotas de Cataluña, Euskadi y Galicia», asinado en Barcelona o 11 de setembro de 1923, que se renovaríase dez anos máis tarde en Galeuzca (1933).

A ditadura de Primo de Rivera restrinxe case por completo o eido de actuación dos galeguistas ao ámbito estritamente cultural; son os anos dourados da Xeración Nós, que toma o seu nome da revista homónima nacida en Ourense en 1920 e que, dirixida por Risco, secundan figuras como Castelao, Otero, López Cuevillas e Noguerol, entre outras.

Desde o punto de vista político, un dos temas recorrentes é o da reorganización territorial de Galicia, como amosan os relatorios presentados ao Primeiro Congreso de Economía de Galicia (Lugo, outubro de 1925), centrados na constitución dunha especie de Mancomunidade de Deputacións dotada dunha Asemblea Rexional e no recoñecemento da personalidade xurídica da parroquia. Algo que Risco e Losada confiaron en obter do ditador, dado o seu discurso rexeneracionista e anticaciquil e as promesas de Calvo Sotelo, o que explica a súa inicial colaboración co réxime nas deputacións de Ourense e Pontevedra, respectivamente.

²² Cf. Xosé Estévez (1991): *De la Triple Alianza al Pacto de San Sebastián (1923-1930): antecedentes del Galeuzca*, San Sebastián, Universidad de Deusto.

5. O GALEGUISMO NA REPÚBLICA

Paralelamente, prodúcese un achegamento da fracción coruñesa, dirixida por Villar Ponte, a un destacado sector do republicanismo dirixido por Casares Quiroga, do que nacerá en setembro de 1929 a Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA). Inda que formalmente foi presentada como unha plataforma para a acción nacionalista, a súa actuación inscríbese máis dentro dunha dinámica españolista. Por iso, a VI Asemblea das Irmandades (A Coruña, abril de 1930) rematou nun fracaso propiciado polo Pacto de Lestrove (16 de marzo), no que a ORGA optou pola confluencia con Alianza Republicana, que, por entón, aglutinaba o Partido Radical e diversos grupos federalistas na Federación Republicana Gallega (FRG).

Mentres Casares utilizaba esta Federación como plataforma para atopar o seu lugar entre os asistentes ao Pacto de San Sebastián (agosto de 1930), representantes do nacionalismo (Castelao, Otero), do agrarismo (Basilio Álvarez) e do republicanismo (Portela Valladares e o mesmo Casares) subscriben o Compromiso de Barrantes (outubro de 1930), no que se propugnaba a consecución dunha autonomía plena para Galicia, a cooficialidade do galego e o castelán, a galeguización do ensino e a universidade, a liberalización da terra e a dignificación social do campesiñado.

Proclamada a República, o escaso entusiasmo autonomista dos deputados da ORGA e a fracasada tentativa de impoñer un modelo de Constitución federal provocan novos movementos no seo do nacionalismo. Como consecuencia destes convócase, nos días 5 e 6 de decembro de 1931, unha asemblea en Pontevedra na que se acorda a fundación do Partido Galeguista (PG), resultado da integración de ata 32 organizacións repartidas por toda Galicia²³. Entre os seus obxectivos programáticos figuraba a defensa do dereito de autodeterminación, pero aceptábase a autonomía como obxectivo mínimo dentro dunha perspectiva federalista; a isto habería que engadir toda unha serie de reivindicacións que o configuraban como un partido con aspiracións integradoras e progresivamente interclasista que, por mor da Guerra Civil, non podemos saber se conseguiría, co tempo, ter unha ampla implantación social e unha sólida estrutura organizativa.

²³ Xavier Castro (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*, Ourense, Deputación Provincial, 114 e ss.

Un asunto de especial importancia nestes anos republicanos vaino supoñer a elaboración e redacción do Estatuto de autonomía de Galicia, no que se definirá o marco político que debería presidir as relacións entre Galicia e o Estado español. Despois de varios proxectos que non chegaron a bo porto, o texto definitivo saíu dunha comisión de dez membros convocada no paraninfo da Universidade polo Concello de Santiago o 3 de xuño de 1932. O texto foi sometido a discusión e aprobado por unha ampla maioría da «Asamblea de Axuntamentos» reunida en Compostela entre os días 17 e 19 de decembro.

Galicia aparecía conceptualizada como unha rexión autónoma integrada na República española e dotada de institucións propias. O poder lexislativo residía nunha Asemblea elixida por sufraxio universal mediante un sistema proporcional. Configurábase un executivo de marcado corte dualista, cun presidente da rexión elixido directamente polos cidadáns, ao que lle correspondía a designación de presidente da Xunta e, por proposta deste, o nomeamento dos seus ministros; o lexislativo conservaba a facultade de exixir responsabilidades ao Goberno a través da moción de censura.

Así pois, podemos falar da existencia dun réxime semipresidencialista de forte contido democrático, manifestado, por exemplo, en institucións como a iniciativa popular. Outros aspectos significativos eran a cooficialidade de ambos os idiomas nos niveis inferiores do ensino, o recoñecemento do dereito civil galego e a consagración xurídica da parroquia rural galega. Finalmente, desde o punto de vista competencial, distinguíase entre materias cuxa lexislación e execución directa correspondían ao Estado, competencias nas que este lexislaba e a rexión executaba e as materias de lexislación e execución autonómica.

O triunfo das dereitas nas eleccións de novembro de 1933 e a ausencia de deputados nacionalistas no novo Parlamento significou outro aprazamento do proceso estatutario. Este feito e as divisións internas (cada vez máis pronunciadas, que se manifestan xa na III Asemblea, convocada en Ourense o 13 e o 14 de xaneiro de 1934, na que se aproba, coa oposición de Risco, a alianza estratéxica cos republicanos e socialistas, ratificada na IV Asemblea do Partido Galeguista, que tivo lugar en Santiago de Compostela o 20 e o 21 de abril de 1935, esta vez coa oposición de Otero Pedrayo) empurran o partido cara á esquerda e á ruptura, que se inicia o mes seguinte coa aparición da Dereita Galeguista de Pontevedra.

O sector maioritario decide, nunha Asemblea Extraordinaria realizada o 25 de xaneiro de 1936, integrarse na coalición frontepopulista e rexeitar a proposta do grupo ourensán de acudir en solitario ás urnas. Isto ocasiona o inmediato abandono de V. Risco e os seus seguidores, que acabaron fundando a Dereita Galeguista de Ourense o 8 de febreiro, demasiado tarde xa para intentar elaborar outra lista alternativa. O 19 de abril de 1936, nunha reunión en Ourense, decídese a federación de todos os grupos disidentes conservadores nunha única Dereita Galeguista.

O Estatuto foi plebiscitado afirmativamente polos galegos o 28 de xuño de 1936 e o 15 de xullo entrou nas Cortes, pero a sublevación militar que se inicia só tres días máis tarde impediu a súa aprobación e frustrou as esperanzas que a súa ratificación espertara en boa parte de Galicia.

6. CONCLUSIÓNS COMÚNS

En conclusión, e como reflexións finais, podemos dicir que os elementos orgánicos e obxectivos que propician o nacemento dos dous rexionalismos, o bretón e o galego, e que van resultar comúns a ambos poden ser resumidos e concentrados, ao meu entender, principalmente nunha *historia* particular, unha *cultura* diferenciada e unha *lingua* propia.

A existencia dunha *historia particular* foi sempre fundamental no nacemento de calquera rexionalismo e na formación das nacións modernas porque desempeña a decisiva función de esclarecer a identidade comunitaria. A historia é a que pode recuperar o pasado propio, as bases perdurables da comunidade, as orixes para construír a nación. Así pois, en palabras de Roberto Blanco, «el nacionalismo concibe la historia, antes que nada, como una fuente de legitimidad política»²⁴.

Tamén o rexionalismo impulsou, así mesmo, a defensa dunha identidade cultural, da existencia dunha *cultura diferenciada* e dun patrimonio simbólico, relixioso e material colectivo. Os pobos galego e bretón son os creadores dos códigos culturais e os gardiáns das súas tradicións, que, na dialéctica histórica, representarían as «permanencias» fronte aos «cambios», mantendo no tempo os

²⁴ Roberto L. Blanco Valdés (2005): *Nacionalidades históricas y regiones sin historia*, Madrid, Alianza, 125.

seus peculiares modos de ser, de facer e de pensar, para, deste xeito, garantiren a continuidade da diferenciación.

E o terceiro alicerce vai ser a existencia dunha *lingua particular* que tiña que se impulsar, estudar e dignificar, sobre todo no seu uso escrito, como vehículo cultural e intelectual. A lingua propia e distinta vai ser un dos elementos máis indiscutibles de identificación dun pobo respecto aos demais. Pero, no caso galego, sen rexeitar o castelán. Risco dicía: «El bilingüismo [...] es una ventaja [...]. Queremos la paz y la igualdad de los dos idiomas [...]. Pero la cultura propia, la creación nuestra, ha de ser en lengua gallega»²⁵.

Ademais destas tres pedras angulares, bastante xerais, por outra parte, entre os distintos movementos ideolóxicos deste signo, no caso de Galicia e a Bretaña podemos sinalar outros peculiares que tamén comparten, como os seguintes:

1. Un *espazo* ben definido e limitado, historicamente aberto ao mar e pechado en parte cara ao interior por macizos montañosos e pola ausencia de vías facilmente practicables de comunicación. Os límites galaicos, por exemplo, están delimitados con claridade desde o século XI polo Reino de Portugal polo sur e o castelán-leonés polo leste e desde entón permanecen inalterados. E a península da Bretaña ten como fronteira natural polo norte, o sur e o oeste o océano Atlántico e os seus límites orientais pegan co antigo Reino de Francia arredor das cidades de Nantes e Rennes. De tal xeito que nos dous casos xa temos un compoñente fundamental do rexionalismo: un *territorio* ben coñecido.

2. A importancia do *mundo campesiño*, non só desde o punto de vista económico e como transformador da paisaxe, senón tamén como o transmisor da identidade e gardián dos costumes e dos fundamentos culturais.

3. Tamén a influencia da *Igrexa*, non só polo seu tradicional dominio territorial e control da poboación, senón tamén pola apreciación popular da pertenza da súa aldea ou casa a unha determinada parroquia (en vez de ao concello), que se constitúe no seu lugar de orixe e de relación social e comercial, ademais de relixiosa.

4. E, por último, un dos fenómenos máis influentes e transformadores dos dous rexionalismos (e despois nacionalismos) vai ser a grande *emigración* que se

²⁵ Vicente Risco (1930): *El problema político de Galicia*, citado en íd. (1981), *Obra completa*, I, Madrid, Akal, 181.

vai producir a partir, sobre todo, da segunda metade do século XIX. Ademais da súa importancia noutros eidos, como o económico e o demográfico, por citar algúns, a emigración permitiulles aos galegos e bretóns considerarse como tales ao observaren os aspectos culturais propios da súa particular identidade fronte a outros individuos diferentes.

Despois de explicitar as características comúns fundamentais nas que se asentan os dous movementos, vou facer algunhas reflexións máis preto das singularidades e diferenzas que van ter na súa praxe e evolución.

Paréceme, en primeiro lugar, que as condicións obxectivas do feito rexionalista presentan unha maior complexidade no caso bretón, na medida en que, ademais dos lugares de fala francesa, o territorio da Bretaña aparece claramente dividido, no plano lingüístico, en dúas zonas ben delimitadas polo uso do *gallo* (galó) (Alta Bretaña ou do leste) e do bretón (Baixa Bretaña ou do oeste). E o tema complícase máis porque o bretón se esgalla en varios dialectos, que no caso do *vannetais* presenta unhas diverxencias moi acentuadas. E o *emsav*, por tanto, non poderá menos que adaptarse á realidade desta creba, concentrando o seu esforzo propagandístico na Baixa Bretaña, onde o sentimento celta e nacional era máis forte.

Todo isto contrasta coa distribución, relativamente homoxénea, do idioma galego en todo o territorio. Así mesmo, a máis doada aplicación de medidas uniformizadoras do Estado francés que afectaban o idioma autóctono, como o achegamento xeográfico, un aparato estatal máis desenvolvido, mellores vías de comunicación e máis potentes medios de difusión do idioma e a ideoloxía do patriotismo francés, entre outras, contribuíu a crear un sentimento de desapego cara á propia identidade bretoa. Tamén o uso da lingua e a actitude de lealdade cara a ela por parte dos seus falantes se ven máis afectados no caso da Bretaña por mor da máis temperá e extensa implantación do sistema escolar en Francia.

Unha característica común que incidiría no galeguismo e no *emsav* será a modificación, un tanto arbitraria, dos territorios tradicionais, ao substituír, no caso galego, as sete provincias históricas do reino polas catro actuais en 1833, e no caso bretón inda peor, porque a Revolución, o día 4 de agosto de 1789, fai desaparecer, primeiro, a autonomía legislativa, fiscal e cultural da que a Bretaña gozaba desde a unificación do ducado en 1532, para crear a homoxeneización estatal francesa, e logo deixouse fóra todo un importante departamento, o Loira Inferior, actualmente Atlántico, onde se atopaba ademais Nantes, a antiga capital

do ducado. Tamén nos dous países a organización administrativa ignorou a súa peculiar ordenación espacial en parroquias e comarcas.

No terreo sociolóxico constátase que a burguesía bretoa, como a galega, se amosa remisa á asunción dos postulados rexionalistas e logo nacionalistas; outro tanto acontece coa xerarquía eclesiástica, pero, pola contra, boa parte do baixo clero colabora co *emsav*, o cal non sucede no caso do galeguismo (inda que, no marco español, si ocorre no País Vasco).

Quizais debido ao feito de que os dous movementos operen en sociedades preponderantemente agrarias, con forte influencia da Igrexa e da nobreza, atopámonos con que algúns fidalgos, no caso galego, e señores dos castelos, no caso bretón, os apoian por oposición á sociedade industrial e urbana que minaba os alicerces do seu poder. Principalmente é a pequena burguesía, cun forte compoñente intelectual, a que atura sobre as súas costas a dura tarefa da resistencia á integración.

Agora ben, ningún dos dous consegue proxectarse entre as capas populares de campesiños, obreiros e mariñeiros. De feito, o groso dos movementos agraristas e sindicalistas foron indiferentes á loita rexionalista nesta etapa. Os dous representaron, xa que logo, fenómenos minoritarios, o cal probablemente contribuíu non pouco ao seu elitismo.

É posible que o seu sentido integracionista, predominante en termos xerais en ambos os dous casos, coadxuvase, como apunta Morvan Lebesque²⁶, a privalos de apoio social e de audiencia entre as masas. O cal non deixa de ser paradoxal, posto que o integracionismo se deseñara precisamente para favorecer a inclusión de amplos sectores sociais ao relegar a un segundo plano as discrepancias de todo xénero en prol do seu común interese nacional.

Como consecuencia disto, e tamén pola súa peculiar configuración ideolóxica (elitista e culturalista) e organizativa, van ter dificultades para proxectarse eficazmente na acción política e conseguir representantes nas institucións dirixentes, quizais coa excepción das eleccións francesas de 1936, nas que o Parti national breton, en coalición cun conxunto de asociacións bretoas e un programa moderado que prevía certa descentralización e mais o ensino da lingua bretoa, acadou 15 escanos na Asemblea Nacional.

²⁶ Morvan Lebesque (1970): *Comment peut-on être breton ?*, Paris, Seuil, 163.

Noutra orde de ideas, convén sinalar que tanto o *emsav* como o *galeguismo* exaltan, como dixemos ao inicio, as súas raíces célticas procurando o engrandecemento da súa orixe, co cal se crea, así, un simbolismo antisimétrico capaz de contrarrestar o complexo de inferioridade e o autoodio inducidos desde fóra. Ambos tomarán como modelo que seguir o exemplo de éxito de Irlanda. É tamén común o discurso anticoncentralista por mor do trato de colonia que pensaban que lles dispensaba o Estado.

Non foi preponderante en ningún dos dous casos o talante separatista. No galego, tan só un pequeno sector do Partido Galeguista e grupos emigrados en Cuba e na Arxentina (Sociedade Nazionalista Pondal) avogarán por tal fórmula. No caso bretón a tendencia é algo máis forte e máis temperá, pois apareceu en 1912 un «Manifeste séparatiste» do Parti nationaliste breton, redactado por Camille Le Mercier e Louis-Napoléon Le Roux, para, segundo dicía o seu punto primeiro, agrupar as enerxías irredentistas do país e protestar contra a opresión francesa mantida durante catro séculos. E cando tivo máis forza e foi máis activo coincidiu cos axitados anos da ocupación alemá. Algunha vez tamén se utilizaba a ameaza de radicalización separatista para alcanzar concesións do poder central.

Os escándalos que abanearon a Terceira República francesa e a posibilidade de que Francia fose derrotada e xurdisen novas posibilidades de independencia induciron un sector do *emsav* a identificar a República co parlamentarismo e a procurar, así, unha alternativa nas fórmulas totalitarias nos anos trinta, alternativa na que, nunha verdadeira deriva política, se aliaron coa Alemaña nazi e o réxime de Vichy á espera de que a derrota francesa posibilitase a independencia da Bretaña²⁷. En Galicia, a corrupción parlamentaria da Restauración identifícase coa monarquía, co cal queda a baza republicana como fórmula de recambio pola que puido optar o galeguismo, que foi, así, máis refractario aos réximes ditatoriais.

A utilización de vías non pacíficas de acción política ten escaso relevo no caso do *emsav*, inda que nalgún momento acade certa resonancia, como coa organización armada Gwen ha Du²⁸, relacionada co Parti national breton e promovida

²⁷ Cf. José Antonio Rubio Caballero (2010): *La patria imperfecta: idearios regionalistas y nacionalistas en Bretaña (1789-1945)*, Cáceres, Universidad de Extremadura.

²⁸ «Branco e negro», como as cores da bandeira bretoa.

por Celéstin Lainé, que fixo unha serie de atentados contra símbolos da República, e ningún no movemento galeguista.

O rexionalismo bretón mantivo constantes relacións con outras organizacións representativas das restantes nacionalidades oprimidas, xa fose de Francia (Comité central des minorités nationales de France, 1927) ou dos territorios célticos de Europa. O galeguismo estivo sempre máis illado, mantendo só esporádicos contactos cos nacionalistas vascos e cataláns (como os Pactos de Galeusca de 1923 e 1933).

O *emsav*, por outra banda, xorde promovido desde o campo con gran participación da aristocracia, que soldaba «o bloque rural», mentres que o *galeguismo*, no que conviven liberalismo progresista e conservadorismo católico desde as súas orixes, se proxecta desde as cidades, se ben cun forte compoñente ideolóxico ruralista.

Ao cabo, pois, por finalizar, os dous rexionalismos aséntanse nos mesmos presupostos diferenciais que xustifican teoricamente o punto de partida e as razóns dos movementos: historia e lingua particulares, terras delimitadas e concretas, raza distinta e gloriosa, herdanza do pasado, costumes e xeitos de vida propios e sentimentos de opresión ante un poder estraño afastado física e mentalmente.